

9	15	102	Meilete	Prado	Hros de José Otero Fernández	13/01/26	11:15:00
10	15	103	Leiro Meilete	Prado	Silvestre Novo Rio	13/01/26	11:30:00
15	15	109	Hortas	Prado	Jose Manuel Fernández Taboas	13/01/26	11:45:00

R. 2858

CONCELLOS**BARALLA***Anuncio*

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 10 de outubro de 2025, nº 2025-0270, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de **concurso-oposición** e posterior contratación un **traballador social**, baixo o réxime de funcionario interino por programas.

Prazo de presentación de solicitudes: nos dez días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina sede electrónica <https://baralla.sedelectronica.es> e no **taboleiro de edictos** do Concello de Baralla.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Baralla, 13 de outubro de 2025.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2828

BARREIROS*Anuncio*

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO, ABASTECIMENTO DE AUGA E DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

No pleno do 28 de xullo de 2025 aprobouse definitivamente o texto da Ordenanza reguladora das taxas por prestación dos servizos de recollida de lixo, abastecemento de auga e de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, e procedese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor:

“ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO, ABASTECIMENTO DE AUGA E DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Esta Ordenanza fiscal ven a refundir as tres ordenanzas fiscais existentes ata a actualidade, o cal se considera máis axeitado xa que, con carácter xeral, estas tres taxas xestionáanse de forma conxunta e polo tanto considérase máis axeitado que teñan unha regulación básica común, coas especialidades que se establecen para cada unha delas.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Barreiros establece as Taxas por prestación dos servizos de recollida de lixo, abastecemento de auga e de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 nos seus apartados r), s) e t), do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible desta taxa a utilización ou prestación dalgún dos servizos seguintes:

I.- Taxa do servizo de recollida de lixo:

Ven determinado pola prestación do servizo de recollida directa e polos servizos de conducción, tráfico, vertedura, manipulación e eliminación do lixo domiciliario; de desperdicios industriais ou comerciais e outros similares, con independencia da utilización ou non do mesmo.

Quedan dentro do ámbito de aplicación desta Ordenanza os dereitos e residuos sólidos producidos como consecuencia das seguintes actividades e situacións:

- a) Domiciliarias.
- b) Comerciais e de servizos.
- c) Sanitarias.

II.- Taxa do servizo de abastecemento de auga:

Está constituído polo subministro de auga potable con independencia do consumo que poida realizarse ou pola utilización do mesmo, aínda cando non se formalizara tal alta en forma regulamentaria; todo isto sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Presúmese que existe subministro sempre que exista conexión ao entronque na rede municipal de auga inda que este non sexa acorde coa legalidade, inda carecendo de contador ou que este se atope avariado e formalizárase ou non o correspondente contrato de subministro.

III.- Taxa do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais:

Virá determinado polos seguintes servizos:

- A utilización da rede de sumidoiros municipal para a evacuación de excretas, augas negras, pluviais e residuais en beneficio dos predios situados no termo municipal, sendo obrigatorio que os seus desaugadoiros e as acometidas se verifiquen á rede xeral ou aos seus ramais, calquera que sexa o lugar en que se localicen.
- A prestación do servizo de recepción obrigatoria, de depuración de augas residuais.
- A prestación do servizo de vixilancia, inspección e limpeza obrigatoria da rede de sumidoiros particular, fosas sépticas e pozos negros.

En xeral, serán feito impoñible desta ordenanza todos aqueles servizos propios do obxecto desta ordenanza que sexan provocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitasen a súa prestación e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

ARTIGO 3. OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible, mediase ou non a pertinente autorización.

Tamén se entenderá que nace a obriga nos casos en que, inda que non estean feitas as conexión, exista unha obriga legal de conectarse ás redes municipais e ésta poda facerse de forma tecnicamente viable.

Polo tanto a obriga de contribuír nace coa prestación dos servizos por ter a condición de obrigatorios e xerais, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubra a organización do servizo municipal. Non sendo admisible a alegación de que pisos ou locais permanecen pechados ou non utilizados para eximirse do pago das presentes taxas.

ARTIGO 4. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as

entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que posúan ou ocupen por calquera título, inmobles que reciban ou sexan susceptibles de recibir os servizos a que se refire esta ordenanza.

En concepto de suxeitos pasivos substitutos veñen obrigados ó pago, os propietarios dos inmobles beneficiados polo servizo sen prexuízo do dereito a repercutir a taxa sobre os inquilinos ou arrendatarios.

ARTIGO 5. TARIFAS

Aplicaranse as seguintes tarifas:

I.- Servizo de recollida de lixo:

- Uso doméstico: 18 €/bimestre.
- Uso non doméstico: 30 €/bimestre.

O tipo de uso aplicable virá determinado pola clasificación que as estes efectos se estableza na Ordenanza reguladora do servizo de abastecemento de auga, mentres non existe ordenanza reguladora específica do servizo de recollida de lixo.

II.- Servizo de abastecemento de auga:

- Concesión de licenza de entronque: 60 €
- Cotas fixa de mantemento do servizo: 15 €/bimestre.

- Cotas por consumo en m3:
 - 1º tramo (ata 12 m3): gratuíto
 - 2º tramo (13-22 m3): 0,29 €/m3
 - 3º tramo (23-48 m3): 0,45 €/m3
 - 4º tramo (49-60 m3): 0,50 €/m3
 - 5º tramo (+ de 60 m3): 0,57 €/m3

III.- Servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais:

- Concesión de licenza de entronque: 60 €
- Cotas fixa de mantemento do servizo: 6 €/bimestre.
- Cotas por consumo en m3:
 - 1º tramo (ata 22 m3): 0,017 €/m3
 - 2º tramo (23-60 m3): 0,10 €/m3
 - 3º tramo (+ de 60 m3): 0,13 €/m3

ARTIGO 6. bonificacións.

1.- No **servizo de recollida de lixo** gozarán dunha bonificación do 15% do importe da taxa, aqueles inmobles que contén cun sistema de compostaxe individual que estea en uso.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da resolución de dita solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberá presentar a seguinte documentación:

- Solicitude de bonificación.
- Documentación acreditativa de contar con un sistema de compostaxe individual en uso (fotografías, factura de compra, documentación de entrega,...)

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ó respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

2.- No **servizo de abastecemento de auga e de sumidoiros**, para aqueles inmobles que acrediten a súa condición de uso gandeiro ou agrícola, a cotas por consumos superiores a 60 m3 bonificarase ata o importe do tramo anterior.

3.- En **todos os servizos** regulados nesta ordenanza, poderán aprobarse bonificacións de ata o 75% para aqueles suxeitos pasivos que así o soliciten e se atopen nunha situación de vulnerabilidade económica. O cal se acreditará mediante o correspondente informe dos servizos sociais municipais, que deberá ter acceso ós datos económicos e ás circunstancias sociais e persoais da persoa solicitante e o seu núcleo familiar para poder elaboralo.

ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO E COBRANZA DAS COTAS.

1. A débeda tributaria derivada destas taxas liquidarase por Padrón formado pola totalidade das cotas en vigor durante o período de liquidación. A inclusión no Padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da obriga tributaria formal de alta ou da actividade inspectora municipal.

2. O período de liquidación coincidirá co impositivo, que é bimestral, tendo as tarifas que se perciban durante o mesmo, carácter irredutible.

3. A recadación da taxa realizarase mediante recibo no que se fará constar as cotas a aboar por cada un dos servizos liquidados.

4. A forma de pagamento será en efectivo ou mediante domiciliación en entidade bancaria, e o prazo de pagamento en voluntaria da taxa será o aprobado ao tempo de aprobación do padrón, cunha duración mínima de dous meses.

5. O impago en período voluntario orixinará automaticamente o inicio do período executivo.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Os propietarios de inmobles están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

2. Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun inmovble e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

Os impresos correspondentes facilitaranse nas oficinas municipais.

3. As altas e baixas que se produzan no servizo de augas ou de sumidoiros, producirán efectos automáticos respecto das taxas reguladas nesta ordenanza.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En materia de cualificación e sanción das infraccións estarase ao establecido na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 10.- ACTUALIZACIÓN DE TAXAS.

O Pleno aprobará a actualización destas taxas, cando do exame da Conta Xeral anual se derive un déficit relevante na xestión dalgún destes servizos.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no BOP e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Esta Ordenanza ven a substituír a calquera outra ordenanza anterior que regulase esta materia, polo que a mesma quedará derogada de forma automática.

Barreiros, 15 de outubro de 2025.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2859

BEGONTE*Anuncio*

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de setembro de 2025 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.806,55 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 944,76 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 9 de outubro de 2025.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 2829

FOZ*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 02 de outubro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria para a selección e provisión, como persoal laboral fixo das seguintes prazas: tres (3) prazas de oficial/a, grupo V, adscritas ao posto de traballo 4027 da RPT; unha (1) praza de Coordinador/a lixo condutor/a, grupo V, adscrita ao posto de traballo 4045 da RPT, dúas (2) prazas de limpador/a, grupo V, adscrita ao posto de traballo 4019 da RPT, dúas (2) prazas de operario/a servizo lixo, grupo V, adscrita ao posto de traballo 4049 da RPT, catro (4) prazas de operario/a limpeza viaria, grupo V, adscrita ao posto de traballo 4059 da RPT, unha (1) praza de Auxiliar administrativo/a, grupo C2, adscrita ao posto de traballo 6025 da RPT.